

**Bases da Convocatoria do proceso selectivo para a contratación laboral temporal de dous técnicos/as para Oficina de Turismo.**

Obxecto da convocatoria

As presentes bases rexerán a selección polo sistema de concurso-oposición , en quenda libre, de dous postos de técnico/a de turismo como contratado/a laboral do Concello de Muxia, subvencionada a contratación pola Deputación provincial de A Coruña.

Modalidade de contratación:

Será a de contrato laboral temporal, a tempo parcial, O/S, 18,75h/semanas, prestadas de luns a domingo cos descansos legalmente establecidos. O período de contratación será aprox de 5 meses e 20 días. Grupo 3.

Requisitos dos/as candidatos/as:

Para ser admitidas as persoas interesadas, deberán de reunir o día de finalización da presentación de instancias, os seguintes requisitos:

- Desempregado/a
- Ser español/a ou nacional dun estado membro da UE ou dalgún estado ó que en virtude de tratados internacionais lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as. Tamén poderán participar os cónxuxes dos españois e nacionais dos estados mencionados sempre que non estean separados de dereito, así como os seus descendentes.

-Titulación exixida:

Técnico superior en guía, información e asistencia turística ou equivalente.

Técnico en empresas e actividades turísticas ou equivalente

Grao ou Diplomatura en turismo ou equivalente homologado

Grao ou licenciatura en Historia del Arte

Grao ou licenciatura en Historia

Grao ou licenciatura en Humanidades

Grao ou licenciatura en Xeografía e Ordenación do territorio.

Doble grao en ciencias empresariais e turismo.

- Non padecer enfermidade ou defecto físico ou síquico incompatible co traballo

- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das AAPP, nin estar inhabilitado para o desempeño de funcións públicas.

#### Solicitudes:

Presentaranse no rexistro xeral do Concello de Muxía, ou a través da sede electrónica municipal, no prazo de 7 días naturais contados a partir do seguinte da publicación da convocatoria na pax web e sede municipal.

Adxuntarase a elas a fotocopia do DNI, fotocopia da titulación esixida, fotocopia do CELGA 4, no caso de posuílo.

Relación de méritos alegados e xustificantes deles.

#### Admisión de aspirantes:

- Lista provisional de admitidos/as: o día seguinte ó da finalización do prazo de presentación de instancias publicarase lista de admitidos/as excluídos/as coas causas de exclusión, na pax web e tablón municipal. As persoas excluídas poderán formular reclamación ó respecto no prazo de dous días naturais posteriores.
- Lista definitiva: Finalizado o prazo de reclamacións dictarase resolución aprobando a lista definitiva de persoas admitidas/excluídas, e determinando a data da selección. Esta Resolución será publicada na pax web e taboleiro municipal.

#### Tribunal seleccionador:

Estará integrado por funcionarios/as con igual ou superior titulación á esixida e será dado a coñecer ca lista definitiva . Contra eles poderá formularse polos aspirantes recusación segundo o establecido na normativa en vigor.

#### Proceso selectivo:

Efectuarase por sistema de valoración de méritos e realización de exercicio segundo o seguinte:

##### **1.- fase de oposición .Valorable de 0 a 10 puntos.**

- Realización dun exercicio de 20 preguntas curtas ou tipo test sobre os Temas do Anexo I. Valorarase de 0 a 7 puntos.
- Proba de coñecemento da Lingua galega. Consistirá en traducir un texto do castelán ao galego. Estarán exentos desta proba as persoas que acrediten estar en posesión do CELGA 4 ou equivalente. Calificarase de apto ou non apto.
- Proba de coñecemento dun idioma comunitario: francés, inglés ou alemán, segundo escolla a persoa aspirante. A proba será escrita e/ou oral. Valorarase de 0 a 3 puntos.

Para poder pasar á fase de concurso de méritos, as persoas interesadas deberán de superar a fase de oposición, obtendo un mínimo de 5 puntos e superando a proba de Galego.

## 2.- Fase de valoración de méritos: ata máximo de 4 puntos.

\* Valoraranse cursos de formación en materia directamente relacionada co posto de traballo, impartidos por AAPP ou organismos oficiais dependentes delas, de acordo coa seguinte escala:

Cursos ( non xornadas): De 20 a 59 h: 0.5 p

De 60 a 149 h: 0.75 p

Máis de 150 h: 1 p.

Os méritos alegados neste apartado acreditaranse mediante a presentación de copias do título ou certificado de realización no que deberá de constar o núm de horas e a materia impartida.

- Valoraránse cursos ou certificado de idiomas da seguinte maneira:  
- Idiomas comunitarios: A1: 0.10p, A2: 0.25 p, B1: 0,50 p, B2: 0,75P, C1: 1p, C2: 1.5p. (Só puntuará o maior).

\_ Linguaxe administrativa galega: Nivel medio: 0.20p, nivel superior: 0.50p. (Só terase en conta o maior).

Os méritos de idiomas acreditaranse ca certificación oficial do centro impartidor (Centro oficial, universidade ou Admon Pública, exclusivamente).

### Resolución do proceso:

A puntuación final de cada aspirante estará composta pola suma das puntuacións de cada apartado. Publicarase na pax web municipal e taboleiro de anuncios o resultado do proceso selectivo .

Para todo o non disposto nestas bases, estarase á normativa xeral na materia. O tribunal terá facultades de interpretación en todo o relativo a este proceso.

A presentación de instancias supón a aceptación das Bases.

### Anexo I. Temario.

- 1.- Lei 7/2011 de Turismo de Galicia
- 2.- Competencias municipais en materia de turismo.
- 3.- Derechos e deberes dos usuarios/as turísticos.
- 4.- Xeodestinos turísticos da provincia.
- 5.- Recursos de interese turístico no Concello de Muxía

- 6.- Patrimonio cultural do Concello de Muxía
- 7.- patrimonio natural do Concello de Muxía
- 8.- Actividades de promoción turística do concello de Muxía
- 9.- material turístico editado polo Concello de Muxía
- 10.- Rutas turísticas no Concello de Muxía
- 11.- Dereitos e deberes do persoal ó servizo das AAPP.
12. A organización municipal.
- 13.- Servizos mínimos municipais.
- 14.- Nociones básicas de informática.

Bases aprobadas por decreto de alcaldía de 19.6.2019.

A Secretaria

